



PREGUNTA ORAL SOBRE A APROBACIÓN DOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DAS OBRAS DO BARRIO DE VISTA ALEGRE

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, o concelleiro que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

O pasado 22 de agosto, o Concello anunciou o comezo das obras da 3ª fase para a mellora da mobilidade e accesibilidade do Barrio de Vista Alegre e con ese motivo, o concelleiro de Espazos Cidadáns explicou que se estaba a traballar nos proxectos modificados das Fases 1 e 2.

Tendo en conta que xa no mes de abril a Xunta de Goberno local autorizou a redacción dos dous proxectos modificados para as fases 1 e 2, para adaptalos ás novas rasantes previstas na fase 3, e a importancia que a tramitación destes proxectos modificados teñen para o remate definitivo das obras, tal e como se puxo de manifesto no acordo unánime acadado no Pleno municipal do pasado mes de xullo por iniciativa do noso grupo, no que textualmente se recollía:

“3.-Tramitar coa maior urxencia os expedientes das modificacións das obras das fase I e II sen obviar o trámite da consideración da comisión asesora.”

Á vista de todo isto, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta:

Aprobou o Goberno local os proxectos modificados para as fases 1 e 2 de Vista Alegre e procedeu á súa tramitación ante a Comisión Asesora e, en caso negativo, cando pensa aprobar eses proxectos, tramitalos ante a Comisión Asesora e executalos, para rematar todos os traballos de Vista Alegre no mes de xaneiro de 2017, coincidindo co prazo final fixado polo Goberno para a fase 3?

Santiago de Compostela, a 8 de setembro de 2016



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular